



SAPRISTI TEATRO en coproducción co
CENTRO DRAMÁTICO GALEGO



POR QUE O MENIÑO SE COCE NA POLENTA?



Baseado na **novela** de **Aglaja Veteranyi**
Tradución_ Quico Cadaval

Roberto Leal_ **Dirección e dramaturxia**
Nuria Sanz e Ignacio Sanz_ **Interpretación**
Ignacio Sanz_ **Paisaxe sonora**
Gustavo Dieste_ **Aux. dirección**
Daniel Abreu_ **Apoio dramaturxia**

Por que o meniño se coce na polenta? leva a escena a apaixonante historia de Aglaja Veteranyi, filla do grande pallaso Tandarica e dunha das poucas mulleres acróbatas que se ganaron o soldo colgándose dos cabelos. Unha vida de *roulotte* co estranxeiro como patria. Unha infancia sen escola e sen amigos; case sen infancia. A cambio, un suculento menú: explotación infantil, abusos, malos tratos, e todo isto aderezado cunha chea de dúbidas sobre o mundo, o sexo, a relixión, o desarraigo, a identidade propia e a familia. De postre, moito medo; e para superalo, un macabro xogo infantil: ir inventando por que un cativo rematou cocido na ola da polenta.

Os ingredientes? Nuria Sanz en compañía da imposible e increíble orquestra que Ignacio Sanz fai nacer para este proxecto: botes de marmelada, sachos, marimba, olas e tixolas, radiocasette, violín de cencerros, tambor, castañolas...




Agradecementos: Circo Roma, Bárbara Lupke, Jaime Feijóo, Cristina Domínguez, Pilar García, Claudio, Cecilia, o equipo técnico do CDG, Carolina e Lucía, Campanari, Hugo Torres, Marta e Miguel pola súa paciencia e moi especialmente a todo o equipo que nos acompaña.

Deseño iluminación_ Baltasar Patiño
Espazo escénico e deseño vestuario_ Marta Pazos
Deseño gráfico_ Pablo Fontenla
Deseño da produción_ Esther F. Carrodegas

Multimedia, distribución e prensa_ La Tía Mardalina

O meu pai morreu de ausencia.
A miña nai vive na impotencia.
Deixo caer a miña pel ao chan.
Medrei moi a modo.
O tempo ten frío.

E non quero fillos.
E non quero fillos.
E non quero fillos.
E non quero fillos.
E non quero fillos.
E non quero fillos.
E non quero fillos.
E non quero fillos.
E non quero fillos.
E non quero fillos.
E non quero fillos.
E non quero fillos.
E non quero fillos.
E non quero fillos.
E non quero fillos.
E non quero fillos.
E non quero fillos.
E non quero fillos.
E non quero fillos.



Non se chama como Sofía Loren, pero quere ser unha grande artista. *Eu non hei ser verdadeiramente do circo ata que non me fira de verdade.* Sen patria pero cunha chea de dúbidas agardando na caravana. *A que cheirá Deus?* Medrar demasiado a modo. *O corpazo, así me anunciaban.* Sen escola nin libros. Sen amigos. Na corda frouxa. *Non sei contar chistes, non teño xeito. Sempre estrago o final...*



POR QUE O MENIÑO SE COCE NA POLENTA?



Non debemos encariñarnos con nada

Unha vez que miña nai facía o spagat, non se daba levantado e case caíu. Dalí a pouco, vin ao mundo. Nuria Sanz entra en escena para atravesar o mundo dos tigres e os leóns da boca dunha pequecha que non se chama como Sofía Loren pero ten un pai paiaso, acróbata e bandoleiro tan famoso como o presidente de América. En realidade, non é teu pai, ese bandido, non o necesitamos! Estranxeiro como patria e milleiros de dúbidas que empapelan as paredes dunha caravana que, case xamais, ten w.c. A que cheirá Deus? Unha vida sobre rodas. Sen escola nin libros. Unha única lección de vida importante: non se fiar de ninguén. Soedade. Ás veces, diante dos homes, miña nai di que é a miña irmá. De repente, cheira coma unha estraña. Medo? Se imaxino como o meniño se coce na polenta e o que ten que doer iso, non penso o tempo todo en que miña nai pode caer no baleiro. Equilibristas de marimba e Ignacio Sanz a redobrar sinfonías para botes de marmelada. Etc. etc. etc. etc. etc. etc. etc. etc. Ser meniña, pero non tanto. O corpazo, así me anunciaban, en afiches tamaño natural en cada cidade. Medrar demasiado amodo. Se somos o retrato de Deus, tamén podemos ser tan famosos coma el. Medrar coas mesmas dúbidas que se fan cada vez máis grandes, se multiplican e escorregan pola fiestra da caravana... para volver entrar. Nunca me tocou un home nese lugar. Non penso noutra cousa. Na corda frouxa. Eu só hei de morrer nun filme. E despois de eu morrer, apagarán as luces e resucitarei.



**POR QUE O MENIÑO
SE COCE NA POLENTA?**





ROBERTO LEAL

Director e actor. Comezou a súa formación de actor na súa Arxentina natal en 1976, no Centro de Formación Actoral. Desde a súa chegada a Galicia a mediados dos anos oitenta ten traballado con diversas compañías, entre as que destacan Matarile Teatro, Teatro da Lúa, Teatro Galileo, CDG, María A Parva, A Factoría Teatro así como en diferentes longametraxes e series da TVG de grande éxito. A súa actividade teatral esténdese igualmente á creación de textos, á dirección, á docencia e á participación en mesas redondas e debates, entre outras moitas actividades. Recibiu un premio María Casares polo seu traballo como actor.

NURIA SANZ

Traballa coa compañía Saprísti e fíxoo tamén con J.L. Campanari, CDG, Chévere, Quico Cadaval, Ollomol Tranvía, Eduardo Alonso, Troula Teatro e Teatro Danthea. Participou no audiovisual en traballos de Alber Ponte, Raúl Veiga, Jorge Coira, J. Manuel Quiroga, Carlos Amil, La Cuadrilla, Gonzalo Tapias, Ricardo Llovo e Álex Sampaio, así como en varias series da TVG e Canal +. Recibiu o premio á mellor actriz Cans 08, premio Compostela 1992 á mellor actriz secundaria, María Casares 1999 á mellor actriz secundaria, María Casares 1994 ao mellor espectáculo, Crítica de Valencia 1995 e premio dos espectadores de Alacante 1995.

IGNACIO SANZ

Percusionista titulado polo Conservatorio Superior de Música da Coruña. Tamén posúe os títulos superior e profesional de música na especialidade de percusión. Fórmase tamén con J. Guillem, She-e-wu, M. Bernat, P. Spiesser, J. Rubio, F. Palacios, M. Wither, A. Morales ou E. Muñoz. Colaborou con EPO da OSG, a Orquestra de Cámara Galega e o Coruña Ensemble Instrumental, e participou como actor ou compositor nas compañías Teatro 002, Trompicallo e Cachirulo.

QUICO CADAVAL

Acto, director e adaptador teatral, foi o impulsor do movemento de contacontos xurdido en Galicia na década dos noventa. Comezou no mundo da interpretación teatral a finais dos setenta no CDG. A mediados dos oitenta funda a súa propia compañía: O Moucho Clerc. Á parte da súa faceta de director, é o creador de innumerables textos de éxito nos escenarios e iso valeulle un premio María Casares ao mellor texto orixinal. Traballou e traballa en diferentes producións da TVG, ademais de en curtas e longametraxes. Continúa a traballar no sector audiovisual como actor e como guionista.

MARTA PAZOS

Actriz, directora e artista plástica, licenciada en Belas Artes pola Universidade de Barcelona. Estudia na Escola de Teatro e Danza Contemporáneos Espacio Aberto e completa a súa formación con outros moitos artistas e creadores. Traballa en espectáculos do Teatro Nacional São João do Porto, CDG, Centro Dramático de Aragón-Teatro Español e nas compañías Matarile, Chévere, Trigo Limpo, PistaCatro e La Fura dels Baus e Voadora. Participa en varias longametraxes, en series da TVG e roda unha ducia de curtametraxes. Realiza deseños de escenografía para Belmondo, Mea Culpa e Saprísti (que lle vale a candidatura aos premios de Teatro María Casares 06 á mellor escenografía por *So-Sobre*).

BALTASAR PATIÑO

Iluminador. É o iluminador e escenógrafo habitual da compañía Matarile Teatro e foino do Teatro Galán e En Pé de Pedra. Traballou ademais para Cesc Gelabert, Provisional Danza, Nut Teatro, Cía 10&10 Danza, Andrés Corchero, Cambaleo Teatro, Teatro do Atlántico, Teatro Galileo, Mofa e Befá, CDG, Centro Dramático Nacional, Gelabert-Azzopardi, Saprísti Teatro, Auditorio de Galicia, CCG, Teatro de la Abadía e Concha Bustos. Os seus traballos foron premiados en innumerables ocasións: premios María Casares á mellor iluminación en seis ocasións, premios María Casares á mellor escenografía en catro ocasións, premios Compostela de Teatro á mellor iluminación en dúas ocasións. No 2009 foi finalista na categoría de mellor iluminador nos Premios Max.

GUSTAVO DIESTE

Licenciado en Psicopedagogía (Facultade de Ciencias da Educación da USC) e diplomado en Maxisterio (especialidade en educación primaria, Facultade Ciencias da Educación da USC). Actor e produtor de Talía Teatro, dirixe varios grupos de teatro afeccionado, traballa en series de TVG e roda varias curtametraxes.

Distribución

La Tía Mardalina Manu Lago - 0034 618 81 03 70
info@latiamardalina.com www.latiamardalina.com
Avda de Lugo 255- 4º 15703 Compostela Spain

